

Unidade 3: Que hora é?

Unidade 3, exercicio 1

- Atención, pasamos á seguinte rolda. Debes adiviñar, cos ollos fechados, o obxecto que che vou dar. Preparada?
- Preparada!
- Entón, o tempo comeza... xa!!
- Vale... eeh... é pequeno... e está frío... Ten, ten... coma... soa a cristal.
- Rápido, Eva, o tempo remata.
- Si, si, pois... ten coma unha asa, e botóns, non sei que é...
- Quedan vinte segundos!
- Pode ser un espertador?
- Moi ben! Segundo obxecto. Preparados, listos, xa!
- Um... é, é mol, e cheira ben.
- Sigue, sigue...
- Claro, eee, ten coma unha especie de adhesivo... Pode ser un paquete de panos de papel?
- Correcto! Acabas de gañar unha sesión no Balneario de Cuntis.

- Entón, repita de novo. Que é o primeiro que fai polas mañás?
- Repítollo, saco o can ás 7:30, de camiño á casa merco o xornal e o pan para o almorzo.
- Merca sempre na mesma panadaría?
- Si. Despois vou para a casa, dúchome, vístome e vou para o traballo.
- Pero entón, se merca o pan para o almorzo, cando almorza vostede?
- Despois de vestirme. Vou á cociña e fago un bocata para comer antes de entrar a traballar. Logo entro, estou no meu despacho ata as 12 e saio tomar o café.
- No bar Devagariño, di vostede.
- Si, si. O camareiro pódello confirmar.
- A súa coartada non coincide co que ten o meu compañeiro apuntado. Ten vostede que acompañarme á comisaría.

Unidade 3, exercicio 6, parte B

Todos os días, agás as fins de semana, o espertador de Elisa soa ás sete da mañá. Érguese, báñase e, nun abrir e pechar de ollos aparece vestida na cociña.

Mentres almorza escoita as novas na radio. Toma froita e prepara un zume de laranxa, un café con leite e unhas torradas con manteiga e marmelada.

Ao rematar colle o bolso e o portátil e sae a toda présa. Vai ata o garaxe e colle o coche para achegarse ata a vila na que traballa, que está a dous quilómetros.

Elisa é deseñadora gráfica e ten quenda de mañá, desde as oito ata as tres da tarde.

Cando remata a xornada laboral, vai xantar cos compañeiros e compañeiras de traballo ao restaurante Miudiño.

Polas tardes estuda chinés na escola de idiomas e vai ata a biblioteca repasar.

Ao saír da biblioteca toca relaxarse. Os luns, mércores e venres vai á piscina municipal e os martes e os xoves achégase ao seu centro de beleza.

Cando anoitece, Elisa volta á súa vila pero, antes de ir para a casa, toma algo con Xaquín, Ana e Damián, os seus mellores amigos.

Ao redor das nove e media ou dez volve para a casa. Prepara algo lixeiro para cear e antes de se deitar ve un pouco a tele e conéctase á internet.

Xa é media noite! A durmir, logo dan as sete!

Unidade 3, exercicio 9, parte A

No meu bolso levo un caderno vermello, unhas lentes de sol escuras, un lapis de punta fina e un marcador fluorescente. Ah, un paquete de panos de papel amarelo, un reprodutor de mp3 pequerrecho, e as chaves do coche. E tamén un chisqueiro debuxado e unha billeteira cunha cadea para levala.

E eu levo no meu bolso un moedeiro marrón, unha funda de coiro de cor verde para as miñas lentes, un estoxo pequeno e negro, as chaves da casa, un bote grande de goma de mascar, uns medicamentos para o arrefriado e un móbil con tapa.

Unidade 3, exercicio 10, parte A

Teño un año.

Xa hai un ano.

A ovella ten un año.

A cabra ten un ano.

Só pintei a unha.

Xa pintei a uña.

Cortei só a uña.

Pon a unha aquí.

Collo a miña caña.

Quero coller a cama canto antes.

Deixo a cama preparada para mañá.

Se ti queres déixoche a miña caña.

Unidade 3, exercicio 11

Por favor, a que hora sae o bus para Padrón mañá pola mañá?

Desculpe, poderíame dicir se hai algún autobús que saia de Santiago a Celanova?

Perdoe, a que hora sae o próximo bus con destino a Lugo? E en que dársena está?

Desculpe, mire unha cousiña. Podería explicarme que compañía e que horarios teño para ir de aquí a Ribeira?

Ola, que hai? Eu quería ir a Ribadeo e non sei moi ben que bus podo coller nin que horario ten. Poderíame axudar, por favor?

Ola, bos días. É que acabo de perder o último bus cara a Lugo, o das catro da tarde, e quería saber os horarios dos seguintes.

Perdoe un momentinho, pero é que me din na compañía Transeguro que están de folga e que non sae ningún bus hoxe. Sabe vostede se hai algún? Terá que haber algún a algunha hora, non?

Ola, desculpe. Pode indicarme que horario ten a compañía de Buses Soutelo, a que fai o traxecto de Pontevedra a Vigo?

Perdoa, sabes se hai algún bus para Ferrol ás 12 da mañá?

Unidade 3, exercicio 15

- Comunícaselles aos pasaxeiros do voo 5-4-7-8, destino Praga, con saída ás 15 horas 30 minutos que o seu avión ten un retraso de 4 horas.
- Isto non pode ser, non é posible! Estamos no aeroporto dende onte pola mañá. Queremos o noso avión xa ou que nos devolvan os cartos!
- Rogamos desculpen as molestias. Poden vostedes informarse na ventá de atención ao cliente.
- Eu mellor cambio o meu billete... Por favor, señorita, o próximo voo directo a Praga?
- Síntoo, non sabemos cando poderemos despegar, temos problemas técnicos.
- Pero existe algún tipo de voo non directo?
- Espere un momento que consulto o ordenador. Si, mire, pode vostede coller o voo das 18 horas 20 minutos, con escala en Bilbao e Londres.
- De acordo entón, quero cambiar o meu billete directo pola viaxe con escalas.
- Sen problema, só ten que pagar un recargo de 100 euros.
- Aquí ten a tarxeta de crédito.
- Moitas grazas, e aquí ten o billete de embarque.
- Grazas.
- Que teña un bo día.